

# Un asesinato inexplicable

Ás aforas de Ourense, atopábase unha pequena aldea solitaria. Os arredores da aldea estaban ocupados por frondosos bosques. Por moito que mirases ías ver sempre o mesmo.

Atopábame na casa da miña mellor amiga cando, de súpeto, escoitei un berro. A miña amiga e mais eu pensamos que fora unha vella que morrera e asustámonos. E así fora, unha das vellas da aldea morrera asasinada.

Ela e mais eu estabamos aterradas, pouco a pouco todos os veciños ían morrendo, menos nós as dúas. Pasabamos os días e as noites na súa casa, xa non saíamos de alí. Unha noite, cando fomos durmir, todo acontecía con normalidade. Á mañá seguinte morreu ela tamén, na bañeira desangrada; asusteime e metinme no coche con intención de non saír nunca de alí. Entón decateime de que eu me estaba movendo cara a un cantil; intentei abrir a porta, pero estaba atascada. Antes de caer ao baleiro nunha norte rápida, escoitei o berro da primeira vella asasinada e... BUM! Choquei contra o chan e abrín a cabeza.

Vin o reflexo da anciá no meu sangue. Ata que caín nun sono que perduraría o resto da escura eternidade.

Uxía Prieto Domínguez - 1º ESO-B

# Pánico no corredor

Era Samaín. Quería ir visitar a miña tía. Os médicos dicían que os nenos non deberían ir ao psiquiátrico, mais eu, aínda así, negábame.

Cando entrei na súa habitación, atopeina máis excitada ca de costume. Invitoume a sentar e púxose a contarme unha historia.

“...Era un día de inverno. Ela saía tarde do traballo, estaba cansa. O hospital estaba ás aforas, a estrada estaba cuberta de néboa. O cansazo cegábaa; de súpeto, algo golpeou fortemente o coche, provocando que ela golpease a cabeza co parabrisas. Asustada, arrincou de novo, pensando que podería ter sido un animal do bosque.

Á fin, chegou. Nada máis entrar, a porta pechouse fortemente tras ela, xirouse mais non viu a ninguén. Camiñou polo corredor intentando buscar a alquén que a axudase.

Pasaron varias horas. Tardou un anaco en decatarse de que seguía no mesmo corredor: as mesmas columnas, a mesma sección, todo era o mesmo... Nada se movera de sitio.

Amedrentouse, e comezou a berrar para ver se alguén a escoitaba, pero ninguén contestou. Co desacougo acabou desfalecendo.

De súpeto, viu unha sombra e botou a andar. Seguíaa, tivo medo e comezou a bulir, e a sombra fixo o mesmo. Xusto cando a ía atrapar, abriu a porta que levaba a outro corredor. Estaba escuro, sentiu que alguén susurraba, e achegouse e tocouno para ver se reaccionaba; saía sangue de todos os poros daquel ser, que non sabía se estaba vivo ou morto. De socato, sentiu un forte rabuñazo na cara e unha horrible voz dicíalle ao oído:

- “Chámome Sam... Non esquezas o meu nome”.

E alí estaba eu, escoitando abraiado a miña tía, cando nese momento ela levantou os ollos e miroume cun xesto aterrador, e dixo:

“Gustouche a miña historia, Sam?”

Malena Lorenzo Diz -2º ESO C